

¿A rosa é ou non é inmarcescível?

XULIO CUN LOUSA*

A rosa, como tódalas flores, chega un día que se murcha: ¿que facemos con ela?
¿Tirámola ou desfollámola e gardamo-los pétalos entre as follas dun libro benquerido?

Recibín do meu ínclito amigo portugués, Joaquín Montezuma de Carvalho -avogado, e escritor e sabio- un traballo da súa autoría publicado nunha revista adicada ás Artes e ás Letras, titulada *Reflexão*, que -por dedución- debe ser un suplemento do diario de Porto *O Primeiro de Janeiro*, que corresponden: unha delas ó día 6 e a outra ó día 13 de Janeiro do 2003.

Antes de nada teño que lle agradecer a cita que de min fai nese artigo sen que eu a mereza.

Pero o traballo ó que aludo titúlase: *A jeito de homenagem a Eugenio de Andrade*, intelectual portugués, moi versado na *Historia de Literatura portuguesa*, libro que xa superou a 15ª edición no ano 1989. Tamén é autor doutro libro extraordinario titulado *Antologia Pessoal de Poesia Portuguesa*.

Pero Eugénio de Andrade non é só un historiador ou un antólogo da literatura. Tamén a fai -xa que é da súa autoría- algo que titulou *Improviso*, «quase escribveu un epigrama, ao modo pungente de Marcial»:

IMPROVISO

Uma rosa depois da neve
Não sei que fazer
de uma rosa no inverno.
Se não for para arder,
ser rosa no inverno de que serve?
(Foz do Douro, 5-10-99).

O açoriano J. Almeida Pavão, poeta e romancista, interiorizando o anterior improviso, escribiu o poema intitulado

VIDA

Signo de esperança
Que nada se alcança
No ocaso da existencia,
Para qué então a rosa?

* Xulio Cuns Lousa é autor de diferentes estudos relativos á Historia de Betanzos, e tamén de relatos curtos e obras teatrais... É secretario e asesor do Anuario Brigantino.

Vemos que os dous veñen a opinar o mesmo. Mais hai un comentario de Montezuma de Carvalho: «Parécelle pouco a Eugénio de Andrade que servira pra facer ese «Improviso» xenial que el fixo? Tudo aquilo que nos fai pensar serve...e tanto que serve!»

E segue a dicir: «Para esse renascimento de Galiza, irmá de Portugal, na linha da vigorosa continuidade, o grande poeta Ramón Cabanillas (1876-1962), o autor do inmenso libro *A rosa de cen follas* (1927)...»

Efectivamente. Nese *Breviario d'un amor*, subtítulo que o seu autor lle puxo á *Rosa de cen follas*. A guisa de prólogo escribiu o poeta:

«Estas páxinas, de un inxenuo e soave romanticismo, son as follas murchas de unha rosa de mocidade...a vida é unha cantiga nos beizos e un feixe de rosas na man... unha mociña en fror que n-un balcón de peitoral abombado, feito camarín por unha roseira, na soedade da noite...»

«mais vé que o meu corazón
é unha rosa de cen follas...»
E xá no canto primeiro:
«¡Dame o segredo choido
de ser roseira sen rosas
e cantiga sen soído!»
No canto XXXIII, dicía
«O rei tiña unha filla
que morría de Amor,
e por vela curada,
sin máis declaración,
ó Amor, queiras non queiras,
do reino desterrou.
O Amor, moi xuicioso,
obedecendo a lei,
camiño do desterro
fóise c-o que era seu:
c-os bicos o co-as rosas...
¡e co-a filla do Rei!»

Moitas máis cousas fermosas se incluían neste romanceiro, só con respecto ás rosas. Pero farían falla centos de páxinas para recollelas.

Sen embargo hai algunhas que me custa moitísimo esquencelas:

«Eu tiña unha arela:
¡quería ser Fror!
E un día unha fada,
rosiña cheirosa, xentil, me tornou.
Lucín no teu peito,
Sentín os latexos do teu corazón.
¡O lume era tanto e estaba tan preto
que á rosa queimou!».
(...)

«Corazón-volvoreta que voas
sobre as rosas do vello xardín
é de balde que subas e baixes;
non podes fuxir».
«Se roubando cores ás rosas
unha nena miraches pasar,
fai de conta que vichel-o lume
que te ha de queimar».
(...)

Pero sí que é certo que, pasando follas e follas do libro no que figura a obra completa de Ramón Cabanillas, atópome cun poema titulado *A traxedia das follas...* que comeza:

«Son os días de outono.
Son os días
en que caíen desfeitas, sin arume,
as derradeiras rosas».
(...)
«Vai alodado o río».
(...)
«¡Como se laida, cando cai a tarde
a campana da aldea».

(Moita é a letra que nestes puntos suspensivos queda, pero cada día hai menos espacio, ata para escribir). Poño agora o final:

«¡Como as follas no outono!
Como as follas que do vento e bruante remuíño
guinda nas augas podres d-unha aberta
ou enterra na lama d-un camiño!».
(...)

FOLIADA

Esta verba ven de ser algo así como diversión, troula, esmorga, baile nocturno ó aire libre. A foliada é argalleira de por sí. Aínda que a xeneralidade dos poetas galegos destacan, case sempre, pola melancolía, o queixume, o remorso, a morriña, a tristura... que, en efecto, son produto das vicisitudes negativas polas que pasou e sufríu o noso pobo. Nesta foliada pon don Ramón unha alegría e unha calor que non ten na inmensa maioría da súa obra:

«E onde tí pós os ollos
o amor pon o seu berce:
e onde ti pós as mans
nacen as rosas a feixes».

Xa volta á tristura o noso poeta.

Quero comparar este poema que el titula *Foi n-un vello xardín*, a un día de outono, que ameñece cun sol radiante:

«Unha rosiña bermella
abanéase, feliz,
na punta dunha roseira
gala do vello xardín».

Cando o sol se vai poñer a tarde esmorece e vai esvaecendo, acabando, xusto coma o poema:

«Unha neniña enloitada
chega chorando ó xardín.
-Terás bágoas por orballo,
terás salaios por bris.
Vou a rezar por mi madre...
Rosiña: ¿ti queres vir?..
E a rosa díxolle á nena:
-¡Lévame, lévame tí!».
(...)

No libro que él titula *Pombas feridas*, figuran moitas e belidas poesías, pero eiquí o tema, o motivo, é a rosa e, a que teño diante de min, leva por título *A rosa que sangra*:

«A alama é unha roseira
florecida, cuaxada
de rosiñas bermellas
e de rosiñas brancas».
(...)
«Cando a vida comenza
¡cantas rosiñas brancas».
(...)
«Cantas rosas bermellas
ó mediar a xornada!
Xa son vello e o vento,
vento de trebonada,
desfolloume a roseira
a roseira da alma».
«Por esta dor da Terra
ferida e escravizada...
¡que rosiña bermella!
¡como doi! ¡como sangra!».
(...)

Tamén o noso poeta Cabanillas escribiu en versos octosílabos a *Estoria do bendito San Amaro*, que foi chamado no mundo o *Cabaleiro de Arenteiro*. E tamén aparecen as rosas nestes versos:

IV
«Tódolos anos no adro
onde o morto se enterrou,



Antón Concheiro e Xulio Cuns co poeta Ramón Cabanillas

frorecen dúas rosiñas
o Domingo de Pasión:
unha branca, como neve
baixo as raiolas do sol;
outra rosa, como sangue
saído do corazón».
(...)

Son moitas as poesías que me teño que saltar, aínda que citen ás rosas -leitmotiv en todas- que son, como elas, maravillosas. Mais atópome diante dunha que non me deixa pasar. O seu título é: *Santa Teresiña do neno Xesus*. A adicatoria dí: «Para Xulia Becerra Malvar, Condessa de Creixell».

«Acesa en santidade chea de fragancia
A rosa desfollada d-unha Santa Teresa
enraizada no ceo e frorida na Francia,
lévalle os meus respetos, benemada Condessa».
Lisieux. Noite de maio. Ó xardín d-un mosteiro.
Un ruiñeiro debulla cantigas n-un loureiro.
Sobre o xardín abréuse unha crara ventán
onde abalan os lirios ó ventíño levián.
(...)

¡Ou, bon Xesús! Ó verte, de túa Nai deixando
os brazos milagreiros,
ensaiando, tremente en col da terra escura,
os pasiños primeiros,
diante de ti queixera camiñar desfolando
unha rosa vizosa,
para que os teus peciños pousaran soavemente
sobre as follas de rosa.
(...)

Se hai algún santo que o é de verdade, ese é *O Santo de Asis*, que -polo que dí don Ramón- peregrinou a Compostela. Aquel que:

«¡Ós locentes aceiros
da armadura guerreira
contrapòn os farrapos
do saial mendicante, da túnica cincenta...».

Aquel que: «ó fachendoso casco empenachado» opuxo «a calada capucha miserenta; «é ó balbordo da loita a verba da homildade, a caridosa verba que chama irmán ó lobo...», acaba por pedir e por rogar:

«¡Fai verdear en rosas
con floración eterna
esta groriosa Casa
da túa man ergueita
carón da Tumba Sagra
na nobre Compostela,
e benzoa esta terra que é tan túa
por homilde e por pobre e por galega!».
(...)

Don Ramón Cabanillas, na súa longa vida, publicou moitas cousas, tantas que é case imposible relacionadas, nun só traballo, entre elas *Versos de alleas terras e de tempos idos*. Na parte segunda, que titula *Paráfrasis do latín*, aparece, entre elas, unha que acae aquí como anel ó dedo, xa que se trata dunha aportación *A jeito de homenagem a Eugenio de Andrade*, e ó seu *Improviso*.

O autor deste poema é Marcial, nado na época da demonación romana da península ibérica, na cidade que ntón se chamaba BÍlbilis e hoxe Calatayud, en terras aragonesas:

«SOBOR DAS ROSAS DE INVERNO
Ut nova tibi, Caesar, Nilotica tellus... Ep. Lib. VI, 80
«O povo que na macia terra de Éxito mora,
como dino presente de novidade e gala,
unhas rosas de inverno ¡ou César! che regala
abrochadas do Nilo na orela froitidoira.
Vendo a nosa campía recamada por Frora,

o naucheiro de Menfis que no Tiber recala,
cotexando o que encontra c-o donativo, estala,
como diante un prodixio, ou loubanza ridora.
E cando salta en terra e a Roma se encamiña,
ondequer a mirada ou o paso detiña
ademira os varales de froes deleitosas.
¡E ben, Exito soave, abondoso e galano,
pois te atopas vencido, pol-o inverno romano,
mándanos o teu trigo, mandarémosche rosas!.
(...)

Breves datos biográficos so Ramón Cabanillas Enriquez, entresacados dunha biografía elaborada por Ricardo Carballo Calero e que comeza dicindo que Cabanillas é, con moito, o poeta máis importante, entre os que escribiron en galego, da época que se coñece como das Irmandades da Fala. Nado en Fefiñanes, que hoxe é un barrio de Cambados (Pontevedra), no ano 1876, despois das primeiras letras e iniciarse no latín, foi seminarista en Compostela. Deixou o Seminario e andivo de plumífero nunha notaría no concello de Cambados. Emigrou a Cuba, traballando en diversos empregos e alí publicou o seu primeiro libro, *No desterro*. Xa en Galicia publica *Vento mareiro* e *Da terra asoballada*.

No ano 1920, ingresa, xunto con Antonio Rey Soto, na Academia Galega. No 1929 ingresa na Real Academia Española, como representante, en unión de Armando Cotarelo, da lingua galega. O seu discurso versou sobre da vida e obra de Eduardo Pondal, respondéndolle Juan Armada y Losada, Marqués de Figueroa, tamén cultivador da lingua vernácula.

No ano 1936 estaba Cabanillas en Madrid, así que pasou todo o período da guerra civil na zona republicana, rexurde en Cabanillas unha importante veta de inspiración relixiosa. Alóxase no mosteiro de Samos e alí escribe un fabuloso e extenso poema con ese título.

Morre en Cambados o 9 de novembro de 1958, ó pouco tempo de estar en Betanzos, na casa do seu fillo Manuel Cabanillas. Nesta estadía betanceira tiven o pracer de coñecelo, en unión de Antón Concheiro, un bo amigo.

A xeito de despedida, dado que o Sr. Carballo Calero nos día que o mellor de todo canto escribiu en prosa o Sr. Cabanillas é a *Antífona da cantiga*, eloxia da copla popular escrita como prólogo a unha cuidada antoloxía de cantares galegos, repasámoslos todos e non atopei ningún tan concordante co *Improviso* que motiva este traballo, como este que lle poñerá punto final, que non ven nesa antífona, senón que o coñezo por telo cantado moitas veces:

Rosiña, Rosiña, Rosa
non regues máis a roseira.
Esta noite vai chover e
rosa mollada non cheira.



Alfredo Erias. «Cidade 2». Dixitalización con Corel 10 e Photoshop 7.0. 1995-2003.